

ACTA NÚMERO 06/08
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

<p>ASISTENTES</p> <p>POLA DIRECCIÓN:</p> <p>D. CARLOS EIREA EIRAS D^a. SUSANA ALDECOA LANDESA D^a. PILAR SILVEIRA RODRIGUEZ D^a. BELEN VAZQUEZ PACHECO D^a. PILAR RIBEIRO MARTINEZ</p> <p>POLA COMISIÓN DE CENTROS:</p> <p>D. XOSE L. MARTINEZ FERNANDEZ-CSI-CSIF D. CARLOS VARELA VIGO-CSI-CSIF D. JORGE QUINTANA MIRON-UGT D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE D^a. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE D^a. CARMEN GARCIA RIVAS-CEMSATSE D^a. M^a TERESA NUÑEZ GALLEGO-CEMSATSE D^a. M^a ELENA SANCHEZ RODRIGUEZ-USAE D^a. ROSALINA ALONSO GONZALEZ-USAE D. JOSE M. BREA FEIJOO-O'MEGA</p>	<p>En Vigo, ás nove horas do día nove de xuño de dous mil oito, reúnense na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:</p>
---	--

-- ORDE DO DÍA --

1. Obras en curso no PAC de Coia: Obxectivos e visita in situ da Comisión de Centro e dos Traballadores.
2. Protocolo Interno de Vacacións e Permisos de Libre Disposición: Resposta ás alegacións presentadas por esta Comisión de Centro.
3. Horario do Rexistro de At. Primaria: Posible ampliación para solventar dificultades do persoal que traballa en quenda de mañá.
4. Auxiliares de Extraccións no CS de Coia: Ausencia de separación física cos doentes.
5. Recepción e clasificación de correspondencia nos Centros: Circular da Xerencia e problemática ao respecto.
6. Plan Mellora: Efectivos a incorporar e ubicación dos mesmos no que resta de ano.
7. Persoal Voluntario PACs: Uniformes.
8. SIMTRON: Extracción domiciliaria e traslado de mostras ata o Hospital.
9. Solicitude de relación de persoal facultativo que percibe o complemento específico.
10. Unificación sábados: Presenzas e compensación para o persoal que fai máis sábados.
11. Definición de "Feito Causante" a partir do que os traballadores poden solicitar os días que lles corresponden por enfermidade dun familiar.
12. Obxectivos: Comunicación dos mesmos á Comisión de Centro e aclaracións ao respecto.
13. Comisión de Zonificación: Previsión da seguinte xuntanza.
14. Escrito presentado por traballadores de Redondela o 22/05/08 e que lle foi remitido a esta Comisión de Centro pola Directora de Xestión.

PUNTO PRIMEIRO.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.

Queda pendente de aprobación a ACTA Nº 5/08 da reunión celebrada o pasado día 12 de maio de 2008.

PUNTO SEGUNDO.- OBRAS EN CURSO NO PAC DE COIA: OBXETIVOS E VISITA IN SITU DA COMISION DE CENTRO E DOS TRABLLADORES.

- COMISION DE CENTRO: Nunha asemblea cos traballadores pedíronnos unha visita guiada e ademais se esas obras son para a unificación do PAC ou se hai cambios.
- XERENCIA: Creo que xa o falamos en anteriores xuntanzas, o que fixemos é priorizar a ampliación da sala de espera cara á entrada do garaxe, a sala de telefonista e adecuación da zona de descanso, e quedaría botarlle o chan ao patio.
- COMISION DE CENTRO: Esa habitación da que se fixeron dúas non ten ventilación e que ademais ten que ir a un baño que esta nunha zona na que xa se encontraron xente allea ao centro.
- XERENTE: Hai aire acondicionado pero veremos de abrir ventilación e luz natural .
- CC.OO.: Esas obras non se modificaron en relación coa modificación do PAC.
- XERENTE: Independentemente de que o PAC se unifique ou non ata o de agora había consultas utilizadas como dormitorios, con estas obras o que gañamos son en espazos de descanso que nos liberan as salas de consulta e iso permitiranos incrementar a Unidade de mañá en tres consultas.
- No referente a visita conxunta a xerencia esta disposta a realizala emplazando á comisión para fixar a data na que se efectuará.

PUNTO TERCEIRO.- PROTOCOLO INTERNO DE VACACIÓNS E PERMISOS DE LIBRE DISPOSICIÓN: RESPOTA ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR ESTA COMISIÓN DE CENTRO.

- COMITE DE CENTRO: Solicitamos a redacción definitiva do Protocolo como quedamos.
- XERENCIA: Primeiro compre definir si se opta por días hábiles ou por mes/quincena. No segundo caso a aplicación sería do seguinte xeito:
 - Un mes : - natural
- de data a data
 - Quincenas: - de 1 a 15
- de 16 a 30 ou 31 segundo o mes

PUNTO CUARTO.- HORARIO DE REXISTRO DE AT. PRIMARIA: POSIBLE AMPLIACIÓN PARA SOLVENTAR DIFICULTADES DO PERSOAL QUE TRABALLA EN QUENDA DE MAÑÁ.

- XERENCIA. Existen rexistros onde se pode presentar calquera documentación en horario de tarde polo que non se fai necesaria a ampliación do horario do rexistro de AP

PUNTO QUINTO.- AUXILIARES DE EXTRACCIÓNS NO C.S. DE COIA: AUSENCIA DE SEPARACION FISICA COS DOENTES.

- COMISION DE CENTRO: Necesitamos un biombo, pór un pouco de separación, entra moito frío.
- D. ENFERMERIA: O tema esta sendo abordado e en vías de solución

PUNTO SEXTO.- RECEPCIÓN E CLASIFICACIÓN DE CORRESPONDENCIA NOS CENTROS: CIRCULAR DA XERENCIA E PROBLEMÁTICA AO RESPECTO.

En relación co escrito de 30 de outubro, en relación coa recepción de correspondencia certificada, acórdase:

“A persoa recollerá a correspondencia entregarase ese mesmo día á persoa e se esta non estivese entregaráselle ao Xefe de Servizo.”

PUNTO SETIMO.- PLAN MELLORA: EFECTIVOS A INCORPORAR E UBICACIÓN DOS MESMOS NO QUE RESTA DE ANO.

- COMITE DE CENTRO: Que perspectivas hai de novas incorporacións e prazos.
- XERENTE: Pasámosvos a planificación das prazas que se ían a incorporar a mediados de maio.
- SATSE: Parece que tedes contratado a dúas matronas.
- XERENTE: Fíxose promoción interna nunha para Doblada e a outra para Coia.
- CC.OO.: A xerencia ten planificado o resto das prazas.
- XERENCIA:

Fisioterapia: LAVADORES (2 mañá e 2 tarde)
MOAÑA (2 mañá)
COIA (2 tarde)

En canto teñamos isto mais pormenorizado xa vos damos traslado.

Traballadores Socias: O cupo de prazas para 2008 esta cuberto queriamos transformar 2 prazas de pediatria e transformalas en 3.

Traballadores Socias para : DOBLADA
VAL MIÑOR
A GUARDA

Enfermería: Quedamos por estudar de enfermería de 51 – 19

Médicos: Quedamos por estudar de médicos 24 – 22

PSX: Están cubertos todos, pero necesitamos mais, polo menos para unidades de fisioterapia de Coia, Moaña e Lavadores e

Auxiliares de Enfermería: Para unidades de fisioterapia igual cos PSX

Matronas: xa están cubertas

Odontólogos: Moaña e Vigo

Hixienistas: 1 para Moaña

PUNTO OITAVO.- PERSOAL VOLUNTARIO PACs: UNIFORMES.

- XERENCIA: Fixemos unha primeira compra pendent dunha compra centralizada e como neste momento non temos para todos, e démosllo primeiro os de PAC porque eles suman mais horas que os voluntarios.
Os seguintes que veñan será para igualar os PAC.

PUNTO NOVENO.- SIMTRON: EXTRACCION DOMICILIARIA E TRASLADO DE MOSTRAS ATA O HOSPITAL.

- COMISION DE CENTRO: Expor se había algún protocolo. Se que hai días que o leva o transporte e hai sitios onde se lle di á enfermería que traslade as mostras ao Hospital. Debería ser un tema a tratar.
- D. ASISTENCIAL: O que estamos a facer é pasalas todas a capilar e o que viaxa é o dato.
- SATSE: Quero facer un inciso, se queren a extracción.
- XERENTE: A mostra volve ao centro. Nos non lle imos pedir a ningún profesional que leve a mostra ao Hospital.
Teñen o mesmo tratamento que as extraccións a domicilio.

PUNTO DECIMO.- SOLICITUDE DE RELACION DE PERSOAL FACULTATIVO QUE PERCIBE O COMPLEMENTO ESPECIFICO.

- CC.OO.: O tema está enfocado cara á exclusividade.

- XERENCIA: Senón hai ningún problema legal xa se vos entrega.

PUNTO ONCE.- UNIFICACION SABADOS: PRESENCIAS E COMPENSACION PARA O PERSOAL QUE FAI MÁIS SABADOS.

- XERENCIA:: Non hai ningunha compensación.

Co respecto aos sábados de Vigo a intención por parte da xerencia é presentalo como un Plan Xeral de Ordenamento da Atención Urxente Extrahospitalario.

Como sabedes xa falamos coas Asociacións de Veciños.

Queremos darlle carácter a este acordo coa sinatura por parte de: asociacións de veciños , representantes dos traballadores, das sociedades científicas e a Administración.

Elaboramos un documento no que en concreto nos sábados quedarían:

- o COIA: 4 MX + 2 Pediatras + 6 enfermeiros + 2 PSX + 2 condutores
- o BOLIVIA: 4 MX + 4 enfermeiros + 2 PSX + 1 condutor

- SAE: ¿Non vai haber ningunha auxiliar de enfermería?

- XERENCIA:: Non

- CEMS: Interésame saber como se vai a facer a distribución do fluxo de pacientes.

- XERENCIA:: Bolivia tería sobre 150.000 tarxetas

Coia tería sobre 150.000 tarxetas + pediatría.

- CEMS: No PAC houbo problemas que fan gardas nun so sitio. Proponho facer unha nun sitio e outra noutro.

- XERENCIA:: estudarase.

- CC.OO.: Nós no tema dos sábados non temos ningún problema en asinalo a título individual de sindicato nin a nivel de Comisión de Centro como se dicía.

- XERENCIA: Entrega o documento, canto tempo necesidades para darnos unha resposta.

PUNTO DOCE.- DEFINICION DE “FEITO CAUSANTE” A PARTIR DO QUE OS TRABALLADORES PODEN SOLICITAR OS DÍAS QUE LLES CORRESPONDEN POR ENFERMIDADE DUN FAMILIAR.

XERENCIA: Neste punto aceptamos a mesma redacción que ten o Complexo hospitalario.

PUNTO TRECE.- OBXECTIVOS: COMUNICACIÓN DOS MESMOS Á COMISIÓN DE CENTRO E ACLARACIÓNS AO RESPECTO.

- COMITE DE CENTRO: Non nos foron comunicados.
 - XERENCIA:: Hai un manual, se queredes facemos volo chegar completo por correo electrónico.
 - O'MEGA: Este ano hai algúns obxectivos que son de difícil obtención: Retinografía.
 - XERENCIA:: Explicóuselle aos xefes de servizo que tería dúas fases:
 - 1º.- Formación
 - 2º.- Pacientes un 10 %
- A 1ª fase non ten ningún problema e a 2ª fase dependendo da data en que este terminado igual non é posible entón so valoraríase o primeiro punto.
- SATSE: Referente aos obxectivos son necesarios pero é necesario que nos teñamos que coñecerlos.
 - a) Que ocorre se de xeito colectivo non se asinan os obxectivos.
 - b) Como van influír as novas incorporacións.
 - XERENCIA:: Como vai a afectar o concurso de traslados vaise a facer con flexibilidade e en canto á non firma falouse co centro e estase en vías de solución.

PUNTO CATORCE.- COMISIÓN DE ZONIFICACIÓN: PREVISIÓN DA SEGUINTE XUNTANZA.

- XERENCIA: Estamos pendentes duns datos cuxas fontes son tarxeta sanitaria e o Concello. En canto teñámoslos convocaremos a próxima reunión.

PUNTO QUINCE.- ESCRITO PRESENTADO POR TRABALLADORES DE REDONDELA O 22/05/08 E QUE LLE FOI REMITIDO A ESTA COMISIÓN DE CENTRO POLA DIRECTORA DE XESTIÓN.

- XERENTE: Do escrito podemos concluír que piden dotacións de medios de transporte. Tema xa tratado no seno da comisión en anteriores ocasións.
- SATSE: Eles piden que se lle dote de medios para traslados a domicilio e nalgún haberá que empezar a mover algo para cambiar esta situación. Quero deixar constancia que apoio a petición deste escrito.

Remata a reunión as trece horas e vinte minutos do día sinalado